

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os copagos educativos nos servizos de comedor e libros de texto, as presas e a improvisación na implantación da LOMCE e os recortes educativos están a marcar un novo e difícil inicio de curso escolar para a comunidade educativa. Un inicio de curso no que cada familia terá que afrontar no mes de setembro un gasto medio de 700 euros para escolarizar un fillo ou filla na etapa obrigatoria, nun contexto de serios atrancos para as economías familiares.

Por outra banda o curso comezará coa desaparición de 13 escolas no medio rural galego ó que haberá que sumar a supresión de 82 aulas e 122 prazas de profesorado. Todo elo configura un balance 532 aulas e 103 escolas pechadas na era Feijoo, levando a unha situación límite do noso rural, pola falta de políticas de apoio aos nosos sectores produtivos, pero tamén pola eliminación de servizos públicos básicos como a educación. Ao mesmo tempo que isto sucede, este ano se incrementaran en 19 unidades as aulas privadas concertadas pola Consellería de Educación.

O precipitado e caótico desenvolvemento da LOMCE, feita con absoluta improvisación e desorde por parte do Goberno galego, causando caos e preocupación nos centros educativos e nas familias. Neste momento resulta evidente que o Goberno galego debe trazar un plan alternativo á LOMCE pois non vai ser quen de levala adiante, en contra de todos os axentes da comunidade educativa.

Ao mesmo tempo, apreciase un importante número de profesorado que imparte materias das chamadas afíns, accede a unha praza itinerante, ou se atopa en situación de interinidade, entre outras das múltiples formas de precarización da función docente que executa o Goberno galego.

No eido universitario continúan os recortes no sector da investigación, como testemuñan a desaparición de decenas de bolsas predoutorais comprometidas aos titulados e tituladas con mellores expedientes do país. Un Sistema Universitario que terá para o presente curso como principais desafíos a configuración do novo Plan de Financiamento Universitario e o Novo Mapa de Titulacións, e que polos datos que temos ata agora están a ser meros pretextos para eliminar fondos e carreiras do noso Sistema Universitario.

Será ademais o primeiro inicio de curso do novo Conselleiro de Educación, quen ademais das problemáticas descritas, mantén todos os frontes abertos deixados polo seu antecesor, centrados fundamentalmente na necesidade de recuperar un consenso na defensa da Lingua Galega, activar unha verdadeira política cultural que supere a centralidade da inútil Gaias e desenvolver unha verdadeira política de I+D+I que brinde unha oportunidade de futuro ao noso País e á mocidade que marcha por millares cada ano de Galicia.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Pleno:

Considera o Goberno galego que o inicio do presente curso escolar transcorre dentro dos parámetros que deben caracterizar a un ensino público de calidade á luz dos datos anteriormente expostos?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz

Xabier Ron Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:



Ramón Vázquez Díaz na data 10/09/2015 17:02:43

Jose Javier Ron Fernandez na data 10/09/2015 17:02:51